

## Recurso de alzada

Procedemento para recorrer as resolucións e actos administrativos que non poñan fin á vía administrativa.

### Obxecto

As resolucións e actos aos que se refire o artigo 112.1 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, cando non poñan fin á vía administrativa, poderán ser recorridos en alzada ante o órgano superior xerárquico do que os ditou. Con esta finalidade, os tribunais e órganos de selección do persoal ao servizo das administracións públicas e calquera outro que, no seo destas, actúe con autonomía funcional, serán considerados dependentes do órgano ao que estean adscritos ou, se non existir, do que nomease o presidente destes.

O recurso poderase interpor ante o órgano que ditou o acto que se impugna ou ante o competente para resolvelo.

Se o recurso fose interposto ante o órgano que ditou o acto impugnado, este deberao remitir ao competente no prazo de dez días, co seu informe e cunha copia completa e ordenada do expediente.

O titular do órgano que ditou o acto recorrido será responsable directo do cumprimento do previsto no parágrafo anterior.

### Normativa

- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (art. 123 e 124).
- Art. 82 da Lei 4/1990, de 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para 1990.

### Quen o pode solicitar

Están lexitimados para interpor este recurso os interesados no acto administrativo, segundo o concepto do artigo 4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que establece o seguinte:

1. Considéranse interesados no procedemento administrativo:

- Os que o promovan como titulares de dereitos ou intereses lexítimos individuais ou colectivos.
- Os que, sen iniciaren o procedemento, teñan dereitos que poidan resultar afectados pola decisión que se adopte neste.
- Aqueles cuxos intereses lexítimos, individuais ou colectivos poidan resultar afectados pola resolución e comparezan no procedemento mentres non recaia resolución definitiva.

2. As asociacións e organizacións representativas de intereses económicos e sociais serán titulares de intereses lexítimos colectivos nos termos que a Lei recoñeza.

3.- Cando a condición de interesado derivase dalgunha relación xurídica transmisíbel, o habente dereito sucederá en tal condición calquera que sexa o estado do procedemento.

Cando o recorrente actúe en nome dunha persoa física ou xurídica, deberá necesariamente acompañar a documentación acreditativa da representación que pretende ostentar (art. 5 Lei 39/2015).

## Forma de iniciación

A pedimento do interesado.

## Órgano que resolve o procedemento

O órgano superior xerárquico do que ditou o acto recorrido.

## Prazo máximo para resolver e notificar

3 meses.

## Efectos de falta de resolución no prazo

Desestimatorios, salvo que unha norma con categoría de lei ou norma de dereito comunitario europeo estableza o contrario.

## Recursos

Non se poderá interpor novo recurso administrativo contra a resolución dun recurso de alzada, salvo o extraordinario de revisión, nos casos establecidos no art. 125.1 da Lei 39/2015.

## Requisitos para realizar a solicitude

O **prazo para a interposición** do recurso de alzada **será dun mes**, se o acto fose expreso. Transcorrido ese prazo sen se interpor o recurso, a resolución será firme para todos os efectos.

Se o acto non fose expreso, o solicitante e outros posibles interesados poderán interpor recurso de alzada en calquera momento a partir do día seguinte a aquel no que, de acordo coa súa normativa específica, se produzan os efectos do silencio administrativo.

É importante que cubra adecuadamente o seu escrito, que deberá reunir os requisitos do artigo 115 da Lei 39/2015, que son:

- Datos de identificación do recorrente.
- Identificación do acto que se recorre e a razón da súa impugnación.
- Identificación do medio e, se é o caso, do lugar que se sinale para os efectos de notificacións.
- Lugar, data e sinatura do recorrente.
- Órgano, centro ou unidade administrativa ao que se dirixe e o seu correspondente código de identificación.
- As demais particularidades esixidas, se é o caso, polas disposicións específicas.

O escrito de interposición deberá incluír as alegacións que o interesado formule tanto sobre cuestións de feito como de dereito.

O devandito escrito será acompañado polos documentos que sirvan de base á pretensión que se exercite.

O erro ou ausencia de cualificación do recurso por parte do recorrente non será obstáculo para a súa tramitación, sempre que se deduza o seu verdadeiro carácter.

Os vicios e defectos que fagan anulable un acto non poderán ser alegados por quen os causase.

## Presentación da solicitude

**Presentación electrónica** (persoas físicas e obrigadas a relacionarse electronicamente coa Administración — art. 14 Lei 39/2015), a través desta sede electrónica:

- Acceso mediante [cl@ve](mailto:cl@ve)

**Presencialmente** (só para persoas físicas)

Presentando a solicitude e a documentación asociada na Oficina de Atención en Materia de Rexistro de ENAIRe situada na Avda. de Aragón, 330 – Edificio B - 28022 Madrid

En calquera das demais dependencias contempladas na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas:

- Nos rexistros electrónicos e oficinas de asistencia en materia de rexistros de calquera órgano administrativo, que pertenza á Administración xeral do Estado, ás administracións das comunidades autónomas, ás entidades que integran a Administración local ou ao sector público institucional.
- Nas oficinas de Correos, na forma que regulamentariamente se estableza.
- Nas representacións diplomáticas ou oficinas consulares de España no estranxeiro.
- En calquera outro que establezan as disposicións vixentes.

## Protección de datos

**Responsable do tratamento:** ENAIRe.

**Finalidade:** tramitar e xestionar o recurso potestativo de reposición presentado.

**Lexitimación:** o tratamento dos datos baséase na normativa reguladora do procedemento administrativo.

**Destinatarios:** os datos non serán cedidos a terceiros agás obriga legal.

**Dereitos:** acceder, rectificar e suprimir os datos, así como outros dereitos, ante a Unidade Central de Protección de Datos de ENAIRe (UCPD) - Avda. de Aragón 330 - Edificio B - 28022 MADRID (Madrid), ou a través da sede electrónica ([sede.enaire.gob.es](http://sede.enaire.gob.es)).

**Información adicional:** poderá consultar a información adicional no Anexo I – Información adicional – Protección de datos.

## Anexo I – Información adicional – Protección de datos.

### Responsable do tratamento

**Identidade:** ENAIRE – NIF: Q2822001J

**Enderezo postal:** Avda. de Aragón, 330 - Edificio B - 28022 Madrid

**Teléfono:** 913 21 02 11

**Enderezo electrónico:** [informacion@enaire.es](mailto:informacion@enaire.es)

**Delegado de protección de datos (DPD):** [ucpd@enaire.es](mailto:ucpd@enaire.es)

### Finalidade do tratamento

**Finalidade:** os datos persoais solicitados a través do presente formulario serán tratados coa finalidade de tramitar e xestionar o recurso de alzada presentado.

**Prazos de conservación:** os previstos pola lexislación aplicable con respecto á prescrición de responsabilidades.

### Lexitimación

o tratamento dos datos baséase no artigo 6.1.c) do RXPd: normativa reguladora do procedemento administrativo (Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas).

### Destinatarios

Os datos non serán cedidos a terceiros, agás obriga legal. Non están previstas transferencias a terceiros países ou a organizacións internacionais.

### Dereitos

As persoas afectadas teñen dereito a:

- Obter confirmación sobre se ENAIRE está tratando os seus datos persoais.
- Acceder aos seus datos persoais, así como solicitar a rectificación dos datos inexactos ou, se é o caso, solicitar a supresión cando, entre outros motivos, os datos xa non sexan necesarios para os fins para os que foron obtidos.
- Solicitar en determinadas circunstancias:
  - A limitación do tratamento dos seus datos, en cuxo caso só serán conservados por ENAIRE para o exercicio ou a defensa de reclamacións.
  - A oposición ao tratamento dos seus datos, en cuxo caso ENAIRE deixará de tratar os datos, salvo por motivos lexítimos imperiosos ou o exercicio ou a defensa de posibles reclamacións. Incluído o tratamento dos seus datos para decisións individuais automatizadas.

Os dereitos poderán exercitarse ante a Unidade Central de Protección de Datos de ENAIRE (UCPD) - Avda. de Aragón 330 – Edificio B - 28022 Madrid ou a través da sede electrónica ([enaire.sede.gob.es](http://enaire.sede.gob.es)).

Se no exercicio dos seus dereitos non foi debidamente atendido poderá presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos – Enderezo: C/ Jorge Juan, 6 - 28001 MADRID (Madrid) – Sede electrónica: [sedeagpd.gob.es](http://sedeagpd.gob.es).